

## O GALEGO ENTRE 1900 E 1936

No primeiro terzo do século XX dáse unha **aceleración dos procesos sociolingüísticos**, que xa comezaran no século anterior: medra a conciencia idiomática pero segue a castelanización da sociedade (clases medias e proletariado urbano)

### *Situación lingüística e cultural*

Destacamos o labor das **Irmandades da Fala**. A primeira Irmandade, impulsada por Villar Ponte foi fundada en A Coruña (1916). O obxectivo fundamental desta asociación era a exaltación e fomento da práctica social do idioma. En 1918, na Asamblea Nazonalista de Lugo aparece por primeira vez o termo nacionalista. En estreita relación está o xornal **A Nosa Terra** (1916-1936), que axuda a espallar as ideas nacionalistas.

Grande importancia cultural ten o **Grupo Nós**, protagonistas da universalización e europeización da cultura galega e, por tanto, da súa lingua. A **Revista Nós**, fundada en 1920, axuda á difusión da cultura da época.

O **Seminario de Estudos Galegos** creado en 1923 por un grupo de mozos universitarios, ten como obxectivo o estudo de todas as manifestacións da cultura galega.

O **Partido Galeguista** é a primeira forza decididamente nacionalista na que se agrupan os colectivos galeguistas que non tiñan cohesión no país. O PG considera a lingua como un dos trazos individualizadores máis importantes de Galiza e expresa a súa intención de defendela e contribuír á súa expansión e dignificación social, que culminará coa inserción no Estatuto de Autonomía dun artigo no que se recoñecía a cooficialidade do galego e castelán na Administración e se admitía un ensino bilingüe nas escolas primarias.

Por outra banda, a **toma de contacto co galego medieval**, pola publicación das cantigas e outros documentos, provocou unha grande conxunción no galego literario, que vai recuperar moito léxico.

Tamén vai aparecer unha liña de **achegamento ao portugués** para restaurar formas que a fala popular perdera pola presión do castelán.

Non obstante, o **afán de purificación da lingua** levou á inclusión na literatura de numerosos arcaísmos, hipergaleguismos e invencións.

### *A lingua na sociedade do momento*

Resulta evidente a **recuperación do galego** nesta fase do século. A lingua avanza nos usos culturais (literarios e científicos), mais a situación da lingua no conxunto da sociedade segue a estar moi lonxe do ideal abrigado polo galeguismo.

**As publicacións seguen sendo maioritariamente en español**, xa que a maior parte da poboación é analfabeta ou está alfabetizada neste idioma. **Non se produce a galeguización do ensino**. Os partidos políticos non empregan o galego decote (agás o PG) e nos medios de comunicación o uso do galego non pasaba de anecdótico en comparación co español.

En resumo, o galeguismo comeza a emerxer, elevando o uso do galego a todos os ámbitos, mais sen conseguir calar fondo nunha comunidade que se castelaniza a un ritmo maior que o do século anterior.